

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

BASES PARA A SELECCIÓN DE 10 TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIOS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO

1º. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Entrimo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais”, dos seguintes traballadores:

- 2 Xefes de brigada con carné de conducir B
- 2 Peóns condutor con carné de conducir B
- 6 Peóns forestais

Os compoñentes das brigadas realizaran labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.


2º.- Duración do contrato

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.

3º.- Requisitos dos aspirantes

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tareas.
- c) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Solo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbase sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

termos o acceso ao emprego público.

e) Titulación esixida:

e.1.- Para o posto de xefe de brigada, requírese:

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes.
- Enxeñeiro técnico forestal.
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.

- Estar en posesión do carné de conducir B.

e.2.- Para o posto de peón condutor:

- Estar en posesión do carné de conducir B.

Todos estos requisitos deberanxe reunir con referencia ó ultimo día do prazo de presentación de solicitudes.

4º.- Retribucións

- Xefe de brigada: soldo: 1.100,00 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.
- Peóns forestais e peón condutor: soldo: 982,53 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

5º.- Méritos que se valoran

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso de méritos, cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.


Fase de concurso: (puntuación máxima de 7,50 puntos).

1.-Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado sería de 2 puntos:

- a) Por cada mes completo de servizos remunerados prestados en concellos realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais e coa mesma ou similar categoría segundo o posto ofertado á que aspira: 0,15 puntos/mes.
- b) Por cada mes completo de servizos remunerados prestados noutras Administracións Públicas, organismos públicos ou en calquera institución ou empresa privada realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais e coa mesma ou similar categoría segundo o posto ofertado á que aspira: 0,10 puntos/mes.

Non se computará a experiencia profesional por períodos inferiores a un mes, considerándose tódolos meses de trinta días.



**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100% a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Neste apartado non se puntuarán os servizos prestados por conta propia.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar orixinal ou copia cotexada de informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias cotexadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2) Formación: Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Máximo: 0,50 puntos.

- 1.Cursos de máis de 100 horas: 0,30 puntos / curso.
- 2.Cursos de entre 31 e 100 horas: 0,20 puntos / curso.
- 3.Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos / curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos títulos ou certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, puntuaranse con 0,05 puntos por curso.

3) Por demandante de emprego: 1 punto.

4) Coñecemento do territorio: A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 1 punto. Acreditarase mediante certificado de empadroamento, cunha antigüidade superior a un ano.

5) Coñecemento da lingua galega: (puntuación máxima 0,50 puntos) Computarase únicamente ó grao superior alegado.


-CELGA 2: 0,10

- Curso de iniciación ó galego ou CELGA 3: 0,25

-Curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 0,50

6) Entrevista: A entrevista, que será obrigatoria e eliminatoria, servirá para valorar non só o coñecemento do medio senón tamén as funcións, cometidos e coñecemento do material a utilizar no desenvolvemento da súa labor. Puntuarase cun máximo de 2,50 puntos.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa. De seguir persistindo, o que obtivese maior puntuación no apartado 3, se segue persistindo, o que obtivese maior puntuación no apartado 4, de seguir persistindo, o que obtivese maior puntuación no apartado 5 e de seguir persistindo, o que obtivese maior puntuación no apartado 6. Se aínda así persistira o empate terase como criterio de desempate a data e número de entrada polo rexistro municipal.



**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf: 988434666 Fax: 988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

6.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes para participar no presente concurso presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de cinco (5) días naturais no rexistro xeral do concello, en horario de 9 a 14 h., ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ou enderezo electrónico ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988434610 e enderezo electrónico: concello.entrimo@eidolocal.es). Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.
2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, achegándolle xunto coa instancia a seguinte documentación:
 - a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros e, no seu caso, fococopia cotexada do carné de conducir e da titulación esixida.
 - b) Xustificantes dos méritos alegados mediante certificacións ou copias debidamente validadas.
 - c) Declaración xurada de cumplir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como a de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente (anexo II)
 - d) Certificado médico ou declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III)


Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada una das bases desta convocatoria.
4. Rematado o prazo, o alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.concelloentrimo.es. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora.

7.- Selección

A designación dos membros da Comisión avaliadora deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuér un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.



Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf: 988434666 Fax: 988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presencia de alomenos tres membros titulares ou suplentes con voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario.

O tribunal valolará a documentación presentada de acordo cos requisitos mínimos que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Presidencia aprobase a lista de admitidos e excluídos ao concurso, que se fixará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina www.concelloentrimo.es. Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.concelloentrimo.es, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasesen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma para a valoración de méritos aportados e da entrevista, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valorar a idoneidade, motivación e adecuación ao posto de traballo.

De acordo coa relación, elevarase ó Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados.

Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e esesoramentos técnicos que teña por convenientes.

Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación dos traballadores/as seleccionados/as.


O alcalde procederá ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, e procederá á formalización do contrato laboral correspondente.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego.

Ata que se formalice o contrato, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algúnhha. O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concelloentrimo.es, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñe-los recursos previstos na lexislación vixente.

8º.- Formación de bolsa de traballo

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algúñ/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/a primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/a seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que



**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2017.

RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.


Entrimo, 30 de maio de 2017.

O Alcalde

Asdo: Ramón Alonso López



*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf: 988434666 Fax: 988434610
concello.entrimo@cidolocal.es*



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

ANEXO I

D/^a..... provisto/a de D.N.I. nº -
----- con endereço na
R/..... nº.....piso.....C.Postal.....Localidade.
..... Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Entrimo para a contratación laboral temporal (contrato de servizo determinado), a xornada completa, de:

- 2 Xefes de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.
- 2 Peóns-condutores de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.
- 6 Peóns Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.

Márquese ó/s posto/s ó/s que se pretende optar, podéndose presentar cunha mesma solicitude á diferentes categorías.

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan, para o que achego a documentación sinalada con unha (X):


- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir.
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados

3º.- Que autorizo ó Concello de Entrimo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

En....., a de de 2017.
O/A Solicitante

Asdo.:.....

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ENTRIMO



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf: 988434666 Fax: 988434610
concello.entrimo@cidolocal.es

ANEXO II


D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estos efectos
en.....,

DECLARO que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 2 Xefes de Brigada, 2 Peóns-condutores e 6 Peóns para as Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En....., a dede 2017.
O/A Solicitante

Asdo.:.....



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estos efectos
en.....,

DECLARA non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

En....., a de de 2017.
O/A Solicitante

Asdo.:.....

